

CONCLÚE O PRIMEIRO ENCUENTRO CLUBUE ENTRE MOZOS E MOZAS DE ASTURIAS E A CORUÑA

Publicado por Redacción A Coruña | Jul 21, 2023 | A CORUÑA, GALICIA | 0 ● | ★★★★★



As persoas participantes potenciaron as súas competencias en comunicación, traballo en equipo e resolución creativa de problemas, así como as habilidades para a busca de emprego na UE e o deseño de proxectos europeos

A primeira edición do Encontro ClubUE finalizou esta tarde no Pazo de Mariñán despois de tres xornadas de formación e intercambio nas que participaron 16 mozos e mozas dos ClubUE de EUROPE DIRECT A Coruña e EUROPE DIRECT Asturias.

Durante o encontro, as persoas participantes puideron desenvolver competencias non formais como a comunicación, o traballo en equipo e a resolución creativa de problemas, aprender e debater sobre temas de actualidade como a Intelixencia Artificial, e potenciar outras habilidades, como son a busca de emprego dentro da Unión Europea ou o deseño de proxectos europeos relacionados coa xuventude.

Esta iniciativa dos centros EUROPE DIRECT A Coruña, pertencente á Deputación da Coruña, e EUROPE DIRECT Asturias, da Federación Asturiana de Concejos, pretende potenciar as competencias brandas da mocidade e incidir na súa relevancia na formación nun ano, o 2023, que foi designado pola Unión Europea como Ano Europeo das Competencias.

Na experiencia tivo tamén cabida o tempo para o intercambio e descuberta a través da historia en primeira persoa de moitas oportunidades europeas para a mocidade no campo do voluntariado, a participación ou o emprendemento. O programa incluíu tamén actividades de ocio como o espectáculo A Maxia de Europa ou unha visita guiada á cidade da Coruña.

O ClubUE é un espazo virtual pensado para achegar a mozos e mozas as oportunidades que existen dentro da UE e que foi creado por EUROPE DIRECT A Coruña en decembro de 2020. EUROPE DIRECT Asturias replicou esta iniciativa no seu territorio en outubro de 2022 e ambos centros teñen colaborado xa en varias actividades que inciden no intercambio de experiencias e creación de rede entre xente moza das dúas zonas. Hai máis información dispoñible na páxina web: <https://www.dacoruna.gal/europedirect/europe-direct-coruna/agenda/2023/encuentroclubue/>

EUROPE DIRECT A Coruña é un centro de información oficial da Comisión Europea que pertence á Deputación da Coruña. A misión do centro, que iniciou a súa traxectoria no ano 1996, é traballar coa cidadanía, os medios de comunicación e as entidades locais cos obxectivos de implicar á poboación en temas europeos, así como proporcionar contidos sobre as políticas e as prioridades da UE. Tamén axudar á Comisión Europea a adquirir unha visión xeral das sensibilidade locais relacionadas coas súas políticas e promover a cidadanía europea activa nas escolas.

COMPARTIR:



TARIFA:



< ANTERIOR

La Feria de las Maravillas de A Coruña comienza hoy con cinco días llenos de ocio en la Ciudad Vieja

SIGUIENTE >

O campus de fútbol do Concello da Laracha contou con 140 participantes

SOBRE EL AUTOR



Redacción A Coruña

ARTÍCULOS RELACIONADOS

ARTÍCULOS RELACIONADOS

[Costa Rica: el presidente anuncia la creación de un fondo para la](#)

[El gobierno de Colombia anuncia la creación de un fondo para la](#)

[El gobierno de Colombia anuncia la creación de un fondo para la](#)

[El gobierno de Colombia anuncia la creación de un fondo para la](#)

O día 31 de marzo folga do transporte de viaxeir@s por estrada
22 de marzo de 2023



Cambre recibe máis de 200 solicitudes para realizar hogueras, barbacoas y sardiñadas por San Juan
22 de junio de 2023

Baltasar Garzón y la responsable de Investigación de Amnistía Internacional, Virginia Álvarez, invitados al VII Encuentro Internacional Acampa por la Paz de A Coruña
26 de abril de 2023

Rubén Arroxo: «a partir do 28 de maio crearemos zonas de sombra en todo o tecido urbano plantando máis de 500 árbores»
6 de mayo de 2023

DEJA UNA RESPUESTA

Tu dirección de correo electrónico no será publicada. Los campos obligatorios están marcados con *

COMENTARIO

NOMBRE *

CORREO ELECTRÓNICO *

WEB

PUBLICAR COMENTARIO



[Texto Legal](#) | [Política de Privacidad y de Cookies](#)

CONTACTO CON 21NOTICIAS

redaccion@21noticias.com

publicidad@21noticias.com

direccion@21noticias.com

admin@21noticias.com

